

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA

7052 *Orde TMA/421/2021, do 26 de abril, pola que se modifican o anexo II e o anexo III do Real decreto 1381/2002, do 20 de decembro, sobre instalacións portuarias de recepción de refugallos xerados polos buques e residuos de carga.*

O artigo 6 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante (TRLPEMM), aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, dispón que as competencias en materia de mariña mercante comprenden, entre outras, a prevención da contaminación producida desde buques. Neste contexto, de conformidade co artigo 263 do TRLPEMM, correspóndenlle ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana as competencias relativas á loita contra a contaminación do medio mariño.

O Real decreto 1381/2002, do 20 de decembro, sobre instalacións portuarias de recepción de refugallos xerados polos buques e residuos de carga, ten por obxecto reducir as descargas ao mar dos refugallos xerados polos buques e os residuos do cargamento que transportan, impedindo as descargas de carácter ilícito procedentes dos buques que utilicen os portos españois, e mellorar a dispoñibilidade e o uso de instalacións portuarias de recepción dos ditos residuos e refugallos, para incrementar así a protección do medio mariño. A súa aprobación supuxo a transposición da Directiva 2000/59/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de novembro, sobre instalacións portuarias receptoras de refugallos xerados polos buques e residuos das súas cargas. Pola súa vez, a citada directiva tiña como finalidade adoptar as disposicións do Convenio internacional para previr a contaminación polos buques (Convenio Marpol).

O artigo 6 do Real decreto 1381/2002, do 20 de decembro, regula o procedemento de comunicación previa da cantidade e tipo de refugallos ou residuos transportados que deberán aplicar os capitáns dos buques que arriben a portos españois, que, para iso, deberán cubrir o formulario que figura no anexo II do real decreto e notificarlles tal información á capitanía marítima correspondente e á entidade xestora do porto, nas condicións establecidas polo indicado precepto.

O artigo 7 determina que os capitáns dos buques que fagan escala en portos españois entregarán obrigatoriamente, antes de abandonaren o porto, todos os refugallos xerados polo buque nunha instalación portuaria receptora autorizada para o efecto, a cal, de conformidade co previsto no número 5 do dito artigo, expedirá a cada buque que utilice os seus servizos un recibo de residuos Marpol, segundo o modelo unificado que figura como anexo III do real decreto.

O 28 de outubro de 2016, a Organización Marítima Internacional (OMI) aprobou a Resolución MEPC.277(70), que emenda o anexo V do Convenio Marpol, con entrada en vigor o 1 de marzo de 2018 e publicada no «Boletín Oficial del Estado» o 2 de maio de 2018, na cal, entre outras modificacións e co fin de exercer un mellor control na prevención da contaminación do medio mariño, se introduciron novas categorías de lixo e modificacións ao libro de rexistro de lixo dos buques.

As citadas modificacións obrigan a revisar os anexos II e III do Real decreto 1381/2002, do 20 de decembro, que conteñen, respectivamente, o formulario de notificación previa da cantidade e tipos de refugallos e residuos transportados, que deberá cubrir o capitán do buque antes de entrar a un porto español, e o modelo de recibo de refugallos/residuos Marpol, que deberán expedir as instalacións portuarias receptoras autorizadas, co fin de actualizar en ambos os documentos os campos correspondentes aos refugallos clasificados como lixo, de forma que se recollan os datos correspondentes ás novas

categorías introducidas no anexo V do Convenio Marpol, preservando así a coherencia coas medidas adoptadas pola OMI.

Por todo o exposto, esta orde é coherente cos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A orde dá cumprimento aos principios de necesidade e eficacia, xa que contribúe ao obxectivo de interese xeral de protexer o ambiente mariño, permitindo exercer un mellor control na prevención da contaminación causada polos residuos procedentes dos buques. Así mesmo, é acorde co principio de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para a consecución do obxectivo previamente mencionado. Igualmente, atendendo ao principio de seguridade xurídica, esta orde, que modifica os anexos dun real decreto xa en vigor sobre a base da habilitación normativa contida nel, resulta coherente co resto do ordenamento xurídico que aborda as cuestións relativas á prevención da contaminación mariña causada polos residuos procedentes dos buques.

Por outra banda, esta orde atense tamén ao principio de transparencia, en canto que se identificaron os motivos que xustifican a súa elaboración e durante a súa tramitación se lles ofreceu aos seus destinatarios a oportunidade de teren participación activa mediante consulta e audiencia públicas. Igualmente, efectuouse o trámite de consulta ás comunidades autónomas con litoral e a norma someteuse ao informe do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, así como ao ditame do Consello de Estado. Finalmente, é coherente co principio de eficiencia, xa que non supón un incremento de cargas administrativas.

No procedemento de elaboración desta orde cumpríronse os trámites establecidos na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, sobre a potestade regulamentaria.

Esta orde, que se dita ao abeiro do establecido nos artigos 149.1.20.^a e 23.^a da Constitución española, ten o seu fundamento legal na disposición derradeira segunda do Real decreto 1381/2002, do 20 de decembro, que habilita o ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para modificar o contido dos anexos do real decreto cando sexa necesario recoller neles novos datos co fin de exercer un mellor control da prevención da contaminación do medio mariño, no ámbito das competencias que o artigo 263 do TRLPEMM lle atribúe ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Na súa virtude, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación dos anexos II e III do Real decreto 1381/2002, do 20 de decembro, sobre instalacións portuarias de recepción de refugallos xerados polos buques e residuos de carga.*

O Real decreto 1381/2002, do 20 de decembro, sobre instalacións portuarias de recepción de refugallos xerados polos buques e residuos de carga, queda modificado como segue:

Un. O anexo II queda redactado do modo que figura no anexo I desta orde.

Dous. O anexo III queda redactado do modo que figura no anexo II desta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor aos dez días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 26 de abril de 2021.– O ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, José Luis Ábalos Meco.

ANEXO I

Formulario de notificación previa

Formulario de notificación previa para a entrega de refugallos/residuos en instalacións portuarias de recepción
Advance notification form for wastes/residues delivery to port reception facilities

1.1. Nome do buque: <i>1.1. Name of ship:</i>		1.5. Propietario ou armador: <i>1.5. Owner or operator:</i>		
1.2. Número IMO: <i>1.2. IMO number:</i>		1.6. Número ou letras distintivos: <i>1.6. Distinctive number or letter:</i>		
1.3. Arqueo bruto: <i>1.3. Gross tonnage:</i>		1.7. Estado de abandeiramento: <i>1.7. Flag State:</i>		
1.4. Tipo de buque: <i>1.4. Type of ship:</i>	<input type="checkbox"/> Petroleiro <i>Oil tanker</i>	<input type="checkbox"/> Buque tanque químico <i>Chemical tanker</i>	<input type="checkbox"/> Graneleiro <i>Bulk carrier</i>	<input type="checkbox"/> Buque portacontedores <i>Container</i>
<input type="checkbox"/> Ro-pax <i>Ro-pax</i>	<input type="checkbox"/> Outro buque de carga <i>Other cargo ship</i>	<input type="checkbox"/> Buque de pasaxe <i>Passenger ship</i>	<input type="checkbox"/> Buque de transbordo rodado (Ro-ro)	<input type="checkbox"/> Outro (especificuese) <i>Other (specify)</i>
2.1 Nome da localidade/terminal: <i>2.1 Location/terminal name:</i>		2.6 Último porto en que se entregaron refugallos/residuos: <i>2.6 Last port where wastes/residues were delivered:</i>		
2.2 Data e hora estimada da chegada (ETA): <i>2.2 Estimated arrival date and time (ETA):</i>		2.7 Data da última entrega: <i>2.7 Date of last delivery:</i>		
2.3 Data e hora estimada da partida (ETD): <i>2.3 Estimated departure date and time:</i>		2.8 Seguinte porto de entrega: <i>2.8 Next port of delivery:</i>		
2.4 Último porto e país: <i>2.4 Last port and country:</i>		2.9 Persoa que presenta este formulario (se é distinta do capitán) <i>2.9 Person submitting this form (if other than master):</i>		
2.5 Seguinte porto ou país (se se coñece): <i>2.5 Next port and country (if known):</i>				
3	Neste porto: <i>(In this port:)(*)</i>			
	<input type="checkbox"/> Entregaranse todos os refugallos <i>(All waste will be delivered)</i>	<input type="checkbox"/> Entregarase parte dos refugallos <i>(Some waste will be delivered)</i>	<input type="checkbox"/> Non se entregarán refugallos <i>(Non waste will be delivered)</i>	
4	Os refugallos que se entregarán e/ou os que permanecerán a bordo, así como a capacidade de almacenamento máxima, figuran no reverso desta notificación. <i>(Waste that will be delivered and/or those which will remain on board, as well as the maximum storage capacity appear at the back of this document)</i>			

(*) Márquese o que corresponda (*Tick as appropriate*)

CONFIRMO que os datos contidos neste documento son exactos e correctos e que existe a bordo suficiente capacidade específica para almacenar todos os refugallos xerados entre esta notificación e o próximo porto en que entregarei os refugallos.

(I CONFIRM that the Information of this document is accurate and correct and that there is sufficient dedicated onboard capacity to store all waste generated between notification and the next port at which waste will be delivered)

Data (Date): ____ / ____ / ____

Hora (Time): ____ : ____

O capitán (*Master*)

Notas

1. Esta información poderase utilizar para os efectos de control do Estado do porto e outros fins de inspección.
2. Os Estados membros determinarán que organismos recibirán copias da notificación: en España, o orixinal desta notificación dirixirase á capitania marítima e á entidade xestora do porto en cada porto de escala. Unha copia desta notificación levarase a bordo do buque xunto cos libros de rexistro de hidrocarburos, de carga ou de lixo.
3. Este impreso deberá cubriarse, salvo se o buque se acolle á exención prevista no artigo 9 do Real decreto 1381/2002, do 20 de decembro, sobre instalacións portuarias de recepción de refugallos xerados polos buques e residuos de carga (artigo 9 da Directiva 2000/59/CE).

Notes

1. This Information may be used for Port State Control and other inspection purposes.
2. Member States will determine which bodies will receive copies of this notification: in Spain, the original of this notification shall be addressed to the Harbour Mastery and to the port manager body of each port of call. A copy of this notification should be retained on board the vessel along with the appropriate Oil RB, Cargo RB or Garbage RB.
3. This form is to be completed unless the ship is covered by an exemption in accordance with article 9 of Real Decreto 1381/2002, December 20, on port reception facilities for ship-generated waste and cargo residues (Article 9 of Directive 2000/59/EC).

Se vai entregar todos os refugallos/residuos, complete a segunda e últimas columnas segundo corresponda. Se vai entregar parte dos refugallos/residuos ou non vai entregar ningún, complete todas as columnas.

If delivering all wastes/residues, complete second and last columns as appropriate. If delivering some or no wastes/residues, complete all columns

TIPO E CANTIDADE DE REFUGALLOS/RESIDUOS E CAPACIDADE DE ALMACENAMENTO DO BUQUE TYPE AND AMOUNT OF WASTES/RESIDUES AND STORAGE CAPACITY						
Tipo (Type)	Para entregar (To be delivered) (m ³)	Capacidade máxima de almacenamento (Maximum dedicated storage capacity) (m ³)	Quedan a bordo (Retained on board) (m ³)	Porto en que se van entregar os refugallos/residuos restantes (Port at which remaining wastes/residues will be delivered) (m ³)	Estimación da cantidade de refugallos/residuos que se van xerar entre a notificación e o porto de escala seguinte. (Estimated amount of waste/residues to be generated between notification and next port of call) (m ³)	Cantidade entregada no último porto de entrega, indicado no punto 2.6. (Amount delivered at the last port of delivery, identified under point 2.6 above) (m ³)
Anexo I do Convenio Marpol – HIDROCARBUROS <i>Marpol Annex I – Oil</i>						
Augas de sentina oleosas <i>Oily bilge water</i>						
Residuos oleosos (lodos) <i>Oily residues (sludges)</i>						
Augas oleosas procedentes do lavado de tanques <i>Oily tank washings</i>						
Auga de lastre sucia <i>Dirty ballast water</i>						
Depósitos e lodos procedentes da limpeza de tanques <i>Scale and sludge from tank cleaning</i>						
Outros (especificuense) <i>Other (please specify)</i>						
Anexo II do Convenio Marpol – SUBSTANCIAS NOCIVAS LIQUIDAS¹ <i>Marpol Annex II – NLS¹</i>						
Substancia da categoría X <i>Category X substance</i>						
Substancia da categoría Y <i>Category Y substance</i>						
Substancia da categoría Z <i>Category Z substance</i>						
Outras substancias <i>OS – Other substances</i>						
Anexo IV do Convenio Marpol – AUGAS SUCIAS <i>Marpol Annex IV – Sewage</i>						
Augas sucias <i>(Sewage)</i>						
Anexo V do Convenio Marpol – LIXO <i>Marpol Annex V – Garbage</i>						
A. Plásticos <i>(Plastics)</i>						
B. Refugallos de alimentos <i>(Food Wastes)</i>						
C. Refugallos domésticos <i>(Domestic wastes)</i>						
D. Aceite de cociña <i>(Cooking Oil)</i>						
E. Cinzas de incinerador <i>(Incinerator ashes)</i>						
F. Refugallos operacionais <i>(Operational wastes)</i>						
G. Cadáveres de animais <i>(Animal carcasses)</i>						
H. Artes de pesca <i>(Fishing gear)</i>						
I. Refugallos electrónicos <i>(E-waste)</i>						
J. Residuos de carga (non prexudiciais para o medio mariño) ² <i>(Cargo residues (non-HME)²)</i>						
K. Residuos de carga (prexudiciais para o medio mariño) ² <i>(Cargo residues (HME)²)</i>						
Anexo VI do Convenio Marpol – CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA <i>Marpol Annex VI – Air pollution</i>						
Substancias que esgotan a capa de ozono e equipamento que conteña tales substancias <i>(Ozone-depleting substances and equipment containing such substances)</i>						
Residuos de limpeza dos gases de escape <i>(Exhaust gas-cleaning residues)</i>						

¹ Indíquese o nome de expedición correcto da substancia nociva en cuestión. *Indicate the proper shipping name of the NLS involved*

² Indíquese o nome de expedición correcto da carga seca. *Indicate the proper shipping name of the dry cargo*

ANEXO II
Modelo de recibo Marpol

ESPAÑA  **SPAIN**

RECIBO DE ENTREGA DE REFUGALLOS/RESIDUOS Marpol
Marpol WASTES/RESIDUES DELIVERY RECEIPT

A instalación portuaria receptora abaixo mencionada, autorizada pola Administración española.

The below reception facility, authorized by the Spanish Administration.

1.1. Nome da localidade/terminal: <i>1.1. Location/Terminal name:</i>	
1.2. Proveedor(es) da instalación de recepción: <i>1.2. Reception facility provider(s):</i>	
1.3. Proveedor(es) da instalación de tratamento, se difiren da anterior: <i>1.3. Treatment facility provider(s) – if different from above:</i>	
1.4. Data e hora da descarga de refugallos: desde	ata
<i>1.4. Waste Discharge Date and Time: from</i>	<i>to</i>

Certifica que o buque:

Certifies that the ship:

2.1. Nome do buque: <i>2.1. Name of ship:</i>	2.5. Propietario ou armador: <i>2.5. Owner or operator:</i>
2.2. Número IMO: <i>2.2. IMO number:</i>	2.6. Número ou letras distintivos: <i>2.6. Distinctive number or letter:</i>
2.3. Arqueo bruto: <i>2.3. Gross tonnage:</i>	2.7. Estado de abandeiramento: <i>2.7. Flag State:</i>
2.4. Tipo de buque: <i>2.4. Type of ship:</i>	
<input type="checkbox"/> Petroleiro <i>Oil tanker</i>	
<input type="checkbox"/> Buque tanque quimiqueiro <i>Chemical tanker</i>	
<input type="checkbox"/> Graneleiro <i>Bulk carrier</i>	
<input type="checkbox"/> Buque portacontedores <i>Container</i>	
<input type="checkbox"/> Ro-pax <i>Ro-pax</i>	
<input type="checkbox"/> Outro buque de carga <i>Other cargo ship</i>	
<input type="checkbox"/> Buque de pasaxe <i>Passenger ship</i>	
<input type="checkbox"/> Buque de transbordo rodado <i>Ro-ro</i>	
<input type="checkbox"/> Outro (especificúese) <i>Other (specify)</i>	

Entregou no porto de:

Has delivered in the harbour of:

Anexo I do Marpol Hidrocarburos <i>Marpol, Annex I - Oil</i>	Cantidade (m³) <i>Quantity (m³)</i>
Augas de sentina oleosas <i>Oily bilge water</i>	
Residuos oleosos (lodos) <i>Oily residues (sludge)</i>	
Augas oleosas procedentes do lavado de tanques <i>Oily tank washings</i>	
Auga de lastre sucia <i>Dirty ballast water</i>	
Depósitos e lodos procedentes da limpeza de tanques. <i>Scale and sludge from tank cleaning</i>	
Outros (especificúese) <i>Other (please specify)</i>	

os seguintes refugallos/residuos:

the following wastes/residues:

Anexo II do Marpol Substancias nocivas líquidas <i>Marpol, Annex II - NLS</i>	Cantidade (m³) / Nome¹ <i>Quantity (m³) / Name¹</i>
Substancia da categoría X <i>Category X substance</i>	/
Substancia da categoría Y <i>Category Y substance</i>	/
Substancia da categoría Z <i>Category Z substance</i>	/
Outras substancias <i>OS - other substance</i>	/
Anexo IV do Marpol Augas sucias <i>Marpol, Annex IV- Sewage</i>	Cantidade (m³) <i>Quantity (m³)</i>

¹ Indíquese o nome de expedición correcto da substancia nociva líquida en cuestión.

¹ Indicate the proper shipping name of the NLS involved.

Anexo V do Marpol Lixo <i>Marpol Annex V – Garbage</i>	Cantidade (m³) <i>Quantity (m³)</i>	Anexo VI do Marpol <i>Marpol. Annex VI - related</i>	Cantidade (m³) <i>Quantity (m³)</i>
A. Plásticos <i>A. Plastics</i>		Substancias que esgotan a capa de ozono e equipamento que conteña tales substancias. <i>Ozone-depleting substances and equipment containing such substances.</i>	
B. Refugallos de alimentos <i>B. Food wastes</i>			
C. Refugallos domésticos (por exemplo, produtos de papel, trapos, vidros, metais, botellas, louza, etc...) <i>C. Domestic wastes (e.g. paper products, rags, glass, metal, bottles, crockery, etc.)</i>		Residuos da limpeza dos gases de escape <i>Exhaust gas-cleaning residues</i>	
D. Aceite de cociña <i>D. Cooking oil</i>			
E. Cinzas do incinerador <i>E. Incinerator ashes</i>			
F. Refugallos operacionais <i>F. Operational wastes</i>			
G: Cadáveres de animais <i>G. Animal carcasses</i>			
H. Artes de pesca <i>H. Fishing gear</i>			
I. Refugallos electrónicos <i>I. E-waste</i>			
J. Residuos de carga (non prexudiciais para o medio mariño) ² <i>J. Cargo residues (non-HME)²</i>			
K. Residuos de carga (prexudiciais para o medio mariño) ² <i>K. Cargo residues (HME)²</i>			

Data (Date): ____/____/____:

Sinatura e selo da instalación portuaria receptora. <i>Sign and stamp of the Reception Facility.</i>	Sinatura e selo da Capitanía Marítima. <i>Sign and stamp of the Maritime Authority of the harbour.</i>
--	--

Este recibo non é válido sen o selo e a sinatura da Capitanía Marítima do porto onde se realizase a entrega de refugallos/residuos. O capitán do buque deberalle exixir á instalación portuaria receptora que mostre a autorización da entidade xestora do porto para a recepción dos refugallos/residuos procedentes dos buques ou unha copia autenticada dela.
Soamente as instalacións autorizadas están facultadas para expedir o presente recibo.
This receipt is only valid when signed and stamped by the Maritime Authority in the harbour where the wastes/residues have been delivered.
The ship's Captain must require of the Reception Facility to show the Port Authority Authorization for receiving wastes/residues from ships, or a certified copy.
Only authorized Reception Facilities are allowed to deliver this receipt.

O representante designado da instalación de recepción deberalle facilitar este formulario ao capitán dun buque que acabe de efectuar a entrega de refugallos/residuos. O presente formulario levarase a bordo do buque xunto cos libros de rexistro de hidrocarburos, de carga ou de lixo.
The designated representative of the reception facility provider should provide the following form to the master of a ship that has just delivered wastes/residues. This form should be retained on board the vessel along with the appropriate Oil RB, Cargo RB or Garbage RB.

² Indíquese o nome de expedición correcto da carga seca.

² Indicate the proper shipping name of the dry cargo.